

## Luz Fandiño. Mestra da Memoria 2018<sup>i</sup>

Vou ser breve pero quería falarvos un pouco da *Luz*, pois hoxe celebrámola.

A nosa lingua e a nosa cultura, por suposto tamén a través da tradición oral, axudan a sermos máis libres e de seguro a sermos máis felices, porque nos axudan a repensar o noso pensamento. E a muller que hoxe homenaxeamos foi quen, nun contexto moi adverso, de vencer as fronteiras do pensamento e acadar precisamente algo de *luz*. O pensamento foi feito para rivalizar co soño, nesta viaxe que todas nós facemos ao imposible. E de viaxes ao imposible e de cruzar fronteiras sabe moito a Luz Fandiño, a nosa homenaxeada este ano como Mestra da Memoria, que entre outras cousas soubo e puido vencer nesa eterna loita que as persoas libramos entre a condena ao escuro e o desexo da luz.

Ela naceu no ano 1931 no barrio de Sar e medrou nunha pequena casa canda súa nai, súa avoa e a súa irmá. Sufriu unha educación fortemente marcada polo fanatismo relixioso e polo fascismo triunfal daqueles anos –que hoxe algúns teiman en querer resucitar. Pero ela contounos a tarde que estivemos na súa casa, cando o pobre do Xosé Miguel Castro (cámara e técnico da AELG) quedou sen cintas coas que gravar, xa non había máis... Eu estraguei unha figura de porcelana do salón, tentando disimular para evitar a sanción do meu compañeiro de Sección, o cronista mindoniense (Antonio Reigosa). Pois ela contounos –digo– que a influencia de súa nai e de súa avoa foron determinantes para modelar o seu carácter e combater as miserias daquel tempo. Esa especial, chamémoslle *sororidade de supervivencia* –ben antes de que usáramos a palabra– esa sorte de pacto tácito das mulleres da súa familia para se apoiaren e saíren adiante; e que parece que quedou xa para sempre gravado no seu xeito de ser e de se conducir polo mundo adiante o resto da súa vida.

Luz emigra con 21 anos á Arxentina incitada polas súas curmáns, nunha terríbel viaxe chea de penurias e dificultades a bordo do *Santa Fe*, e parece que efectivamente foi a fe –non a do barco, ao que non lle facía moita xustiza o nome, porque parece que tiña a mesma consistencia que unha chalana, senón a fe delas e deles por chegar, centos de mulleres e homes emigrantes coma ela– a que fixo que non naufragara polo camiño. Alí bota doce anos en Bos Aires, doce anos de intenso debate entre a supervivencia, o sufrimento e novas miserias, pero tamén onde vai adquirir unha fonda conciencia de país a través do contacto co Centro Galego de Bos Aires e cunha persoa en especial (o señor Ares, un dos responsábeis da biblioteca e do Centro). Neses anos de penuria hai tamén outras faíscas de máis luz, coas emisións dominicais dunha hora integramente en galego de Radio Carve de Montevideo. Vai ser aquí en Bos Aires onde entre en contacto coa poesía galega, cando descubre a Biblioteca do Centro Galego, marcándoa profundamente a figura e a obra tamén de Rosalía de Castro,

ademais de moitas outras autoras e autores. Tamén agromará aí o gusto pola escrita na nosa lingua, hábito que xa a acompañará para o resto dos seus días.

No ano 1963 abandona Arxentina e viaxa a Francia, cunha pequena paradiña en Vigo. En París vai formar parte do contorno da Casa de Galicia e vai asistir de primeira man aos acontecementos do maio do 68, onde afonda na súa conciencia de clase, na súa condición de muller e reafírmase tamén nos valores do compromiso *cos de abaixo* e coa loita social. Nese tempo volve con frecuencia cada verán á súa terra para retornar definitivamente ao noso país no ano 1979.

Neste tempo a Luz nunca deixou de escribir e de se mobilizar *dando guerra* e firme na loita, transcendendo con intelixencia as diferenzas de criterio que sempre se dan na esquerda, que entendemos –entendo eu– que é un exemplo importante dados os tempos en que estamos, e de celebrar, porque non dicilo tamén, a nosa lingua e a nosa cultura en todo tipo de actos e foros ao ancho e longo de todo o país. Por se fose pouco –e non porque o diga eu, ides comprobalo agora cando suba falar– é unha extraordinaria comunicadora, declamadora e recitadora, ao menos eu lévoa gozado nestes últimos anos e cada decembro na Festa do solsticio de inverno, alí na Eira da Xoana na Golada...

En definitiva, unha muller que segue a loitar, non só pola supervivencia da nosa lingua e da nosa cultura, tamén da nosa tradición oral, senón tamén pola conquista dunha sociedade máis xusta e dun país algo mellor do que encontrou. Penso eu que *A Luz do Sol* leva miles de anos iluminando o noso camiño, pero tampouco é que nos axudase a avanzar gran cousa... É probábel que precisemos outro tipo de Luz, talvez precisemos a *luz da lúa*. Esa *Luz* azul que ilumina algunhas das nosas noites e que cae con respecto e delicadeza sobre as cousas e as persoas e nos pon en contacto co noso lado feminino, axudándonos a mudar o noso xeito de mirar, tamén.

Non precisamos o renacer do sol, precisamos o renacer dos nosos corpos, o renacer da nosa terra... O renacer da nosa lingua...

E se tal cousa acontecese algún día, será grazas ao esforzo e sacrificio de moitísima xente anónima, pero será tamén grazas á Luz. E hoxe é de xustiza agradecerllo á nosa homenaxeada.

Lois Pérez

---

<sup>i</sup> Laudatio pronunciada o 26 de maio de 2018 na Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria, celebrada no Centro Cultura O Vello Cárcere.